

Linkterpreting

Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

MATRIZ DE AVALIACIÓN

Trátase dun dos tres métodos complementarios para (auto)avaliar as interpretacións de enlace. A matriz de avaliación céntrase en seis bloques: presentación, xestión do discurso, expresión na lingua materna e na lingua estranxeira, resolución de problemas e contido. En cada bloque hai catro puntuacións que pode obter o/a alumno/a. Para superar a proba, nas categorías de *expresión na lingua estranxeira* e *síntese e división da atención* débese obter como mínimo un 2,5.

TABLA ADAPTADA PARA A AVALIACIÓN DE INTERPRETACIÓNS BILATERAIS (Álvarez García e Limbach, 2019).

Puntuación Criterio	5	3	1,5	0
Presentación	Ton adecuado e acorde ao contido do enunciado. Claridade e vocalización; pronuncia intelixible de todas as palabras. Postura correcta e relaxada. Transmisión de seguridade. Expresión fluída, sen falsos comezos e coas pausas adecuadas.	Ton en xeral adecuado, pero ás veces non acorde ao contido do enunciado. Claridade xeral, agás algunha palabra mal pronunciada. Postura correcta. Expresión fluída, pero sen apenas pausas ou demasiado lenta, aínda que constante.	Ton apenas adecuado. Case todos os enunciados claros, pero máis dunha palabra mal pronunciada. Postura pouco correcta. Utilización dalgún retrouso, «eh» ou falso comezo/ ausencia total de pausas.	Ton absolutamente desapropiado. Claridade practicamente ausente e máis dunha palabra incorrecta. Movemento corporal inadecuado ou ausencia de contacto visual. Fluidez escasa con retrousos, «eh» ou falsos comezos.
Xestión do discurso	Uso consistente da primeira persoa cambiando á terceira persoa só para aclarar; fomenta a interacción, incluíndo contacto visual entre os interlocutores, tanto verbalmente como a través doutros sinais paralingüísticos; permite aos interlocutores terminar a súa quenda gracias a unha boa	Uso consistente da primeira persoa cambiando á terceira persoa só para aclarar; fomenta a interacción en xeral, incluíndo contacto visual entre os interlocutores, tanto verbalmente como a través doutros sinais paralingüísticos; en xeral permite aos interlocutores terminar a súa quenda sen interromper para aclaracións;	Uso inconsistente da primeira persoa; uso excesivo da terceira persoa creando incomodidade; case non fomenta a interacción en xeral, nin verbalmente ni a través doutros sinais paralingüísticos; interrompe aos interlocutores a miúdo para pedir aclaracións debido á necesidade de desenvolver a memoria e a toma de notas en xeral; permite aos	Uso inconsistente da primeira persoa; uso case excesivo da terceira persoa creando incomodidade; non fomenta a interacción entre os interlocutores, nin verbalmente nin a través doutros sinais paralingüísticos; non permite aos interlocutores terminar a súa quenda; interrompe con frecuencia para pedir aclaracións, impedindo que se desenvolva un diálogo fluído; habilidades de

Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Matriz de autoavaliación*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>

Linkterpreting

Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

	capacidade de memorización e unha boa habilidade de toma de notas; demostra estratexias efectivas para xestionar solapamentos.	certa dificultade debido á necesidade de seguir desenvolvendo a memoria e a habilidade de tomar notas, así como mellorar o vocabulario. En xeral, xestiona solapamentos con calma e eficiencia, pero demostra a necesidade de seguir practicando.	interlocutores terminar a súa quenda sen interromper para aclaracións; certa dificultade debido á necesidade de seguir desenvolvendo a memoria e a toma de notas, así como mellorar o vocabulario. Está nervioso/a con solapamentos, demostrando unha necesidade de seguir practicando.	memoria e de toma de notas apenas desenvolvidas; non xestiona con eficiencia solapamentos, o que leva a interrupcións do diálogo e excesivas omisións.
Expresión na lingua materna	Precisión. Expresións idiomáticas acertadas. Corrección. Rexistro adecuado. Ton adecuado e acorde ao contido do enunciado. Claridade e vocalización. Expresión fluída, sen falsos comezos e coas pausas adecuadas.	Lingua correcta e natural, ausente de calcos. Ton en xeral adecuado, pero ás veces non acorde ao contido do enunciado. Claridade xeral. Expresión demasiado lenta, aínda que constante. Utilización dalgún retroso, “eh”.	Utilización dalgunha expresión incorrecta (calco, erro gramatical) ou de rexistro desapropiado. Ton apenas adecuado. Moitos dos enunciados non son claros. Postura pouco correcta. Utilización de retrosos, “eh” ou falsos comezos.	Emprego de máis dunha expresión incorrecta ou de rexistro desapropiado. Ton absolutamente desapropiado. Claridade practicamente ausente. Fluidez escasa con gran cantidade de retrosos, “eh” ou falsos comezos.
Expresión na lingua estranxeira ¹	Expresións idiomáticas acertadas. Case non comete erros gramaticais ou de pronuncia. Rexistro adecuado. Ton adecuado e acorde ao contido do enunciado. Claridade e vocalización;	Lingua correcta, en xeral non comete moitos erros gramaticais ou de pronuncia. Rexistro en xeral adecuado. Ton en xeral adecuado, pero ás veces non acorde ao contido do enunciado. Claridade xeral. Expresión	Expresións incorrectas. Comete erros gramaticais ou de pronuncia con frecuencia. Rexistro a miúdo non adecuado. Ton apenas adecuado. Moitos dos enunciados non son claros. Postura pouco correcta.	Non se entende. Multitude de erros gramaticais e de pronuncia. Pausas largas, expresións incorrectas, rexistro non adecuado. Ton absolutamente desapropiado. Claridade practicamente ausente.

Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Matriz de autoavaliación*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>

Linkterpreting

Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

		Expresión fluida, sen falsos comezos e coas pausas adecuadas. Moi poucos ou ningún retrouso, “eh”.	demasiado lenta, aínda que constante. Utilización dalgún retrouso, “eh”.	Utilización de retrousos, “eh” ou falsos comezos.	Fluidez escasa con gran cantidade de retrousos, “eh” ou falsos comezos.
Resolución de problemas		Solución acertada (e imperceptible) ás dificultades atopadas.	Solución rápida e profesional ás dificultades atopadas, aínda que perceptible.	Solución non profesional nin adecuada ás dificultades atopadas.	Bloqueo e incapacidade de resolución.
Contido	Síntese e división da atención ²	Completo.	Ideas fundamentais. Ausencia dalgunha idea secundaria.	Selección mellorable da información; incompleto.	Frase si/frase non. Ausencia de división de atención. O contido non corresponde en absoluto co orixinal.
	Equivalencia	+1	0	-1,5	-2,5
		Ausencia de ideas que non están no orixinal, salvo explicacións culturais necesarias.	Introdución dun matiz non precisado no discurso orixinal, pero que non contradí o seu sentido.	Introdución dunha idea ausente do discurso orixinal.	Adición dunha idea que contradí o discurso orixinal (contrasentido).

¹² É imprescindible obter un mínimo de 2,5 nesta categoría para superar a proba.

Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Matriz de autoavaliación*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>

Linkterpreting

Plataforma de recursos para la interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

REFERENCIAS

ÁLVAREZ GARCÍA, Carmen & LIMBACH, Christiane. (2019). La interpretación bilateral en el ámbito turístico: evaluación. *Futhark. Revista de Investigación y Cultura*. 3-26. Consultado o 5 de febreiro de 2022 en https://www.researchgate.net/publication/351696760_La_interpretacion_bilateral_en_el_ambito_turistico_evaluacion

Como citar este documento?

Del-Pozo-Triviño, Maribel; Iglesias Pérez, Ana. (2022). *Matriz de autoavaliación*. Linkterpreting. <http://linkterpreting.uvigo.es/>